SeminarioGalán.org

# Día das letras galegas 2011

## Educación Infantil



SeminarioGalán.org

Día das letras galegas 2011

Seminario de Formación Permanente «Lois Pereiro»
Xulio Gallego Revaldería
Armando Xosé Herrero Mayor
M.ª Luísa Mosquera Seijo
Paz Santiso Andrade
Ana María Seijo López
Mario Ramón Suárez Hermida

Seminario de Formación Permanente «Material didáctico sobre Lois Pereiro»
María José Fernández de Sanmamed Maneiro
Magdalena Alonso Franco
Eva Raquel Guimarey Cedeira
M.ª Isabel Hortas González
M.ª Jesús Souto Pereira
María José Vidal Dopazo

Seminario de Formación Permanente «Lois Pereiro na Rede»
Ana Fernández Jonte
Vanessa Guimarey Cedeira
Manuel Paz Anido
Julio Pedrosa Moreno
José Antonio Picado Rodríguez
M.ª Belén Suárez Carballo

Asesoría pedagóxica CEFORE A Coruña
Xosé Antón Amil García
Maquetación e deseño gráfico
Manolo Paz Anido (www.edugaliza.org)
Colexios participantes
CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo
CEIP Eusebio da Garda, da Coruña
CEIP Torrente Ballester, de Sigrás-Cambre
CEIP Luís Seoane, de Mera-Oleiros
CEIP Montel Touzet, da Coruña
CEIP Portofaro, do Temple-Cambre
CEIP Praia de Quenxe, de Corcubión
CEIP Virxe do Mar, de Narón
CEIP W. Fernández Flórez, de Cambre
CEI de Vilarrodrís, en Arteixo
CEIP San Xosé Obreiro, de Meicende, Arteixo
CEIP María Barbeito, da Coruña

Á Real Academia Galega, a Víctor Echave e a Xosé Manuel Pereiro pola súa colaboración e xenerosidade.

Edita
Seminario Permanente de Formación do Profesorado do CEIP de Galán, Oseiro-Arteixo (A Coruña)
http://www.seminariogalan.org
ISBN -13: 978-84-694-1128-5



Ola, chámome Loia e xuntos imos coñecer a Lois Pereiro
a quen adicamos este ano o Día das Letras Galegas






LOIS PEREIRO

**_COLOREA O CORPO DE LOIA E A CARA DE LOIS._**

LOIS PEREIRO NACEU EN MONFORTE DE LEMOS, NO ANO 1958. MONFORTE É UNHA CIDADE DE LUGO CUNHA IMPORTANTE ESTACIÓN DE TREN.








***CONTINÚA AS VÍAS DESTE TREN QUE PASA POLA ESTACIÓN DE MONFORTE***

MARCHOU A ESTUDAR A MADRID. ALÍ COMEZOU A ESTUDAR A CARREIRA DE SOCIOLOXÍA QUE DEIXARÍA PARA ESTUDAR IDIOMAS.

LOIS PEREIRO




A

E

I

O

U

***BUSCA E COLOREA NO TECLADO AS LETRAS QUE COMPOÑEN O NOME DE LOIS PEREIRO.***
***CONTA AS VOGAIS QUE APARECEN NO NOME E NO APELIDO.***

NA SÚA PERMANENCIA EN MADRID COLABOROU NA REVISTA *LOIA* XUNTO A OUTROS IMPORTANTES ESCRITORES COMO MANUEL RIVAS E ANTÓN PATIÑO.

VERDADEIRA




FALSA




***BUSCA AS CINCO DIFERENZAS QUE HAI ENTRE ESTAS DÚAS PORTADAS.***

TIVO DIFERENTES TRABALLOS: FIXO TRADUCIÓNS, ESCRIBIU NAS REVISTAS *LUZES DE GALIZA*, *LA NAVAL*... E LETRISTA DE *RADIO OCÉANO*, UN GRUPO DE POP-ROCK.







***RECORTA E COMPLETA O CREBACABEZAS DE LOIS PEREIRO.***

# TRABALLOU TRADUCINDO PELÍCULAS E SERIES DE TELEVISIÓN.




***COLOREA E RECORTA ESTE MARCAPÁXINAS PARA USAR COS TEUS CONTOS.***

# LOIS PUBLICOU VARIOS LIBROS DE POEMAS, ADEMAIS COLABOROU CON OUTROS AUTORES EN ANTOLOXÍAS E REVISTAS LITERARIAS.




COLOREA OS 3 LIBROS MÁIS GRANDES QUE SON OS ESCRITOS POR LOIS PEREIRO.

# UN DOS POEMAS QUE ESCRIBIU LOIS FOI *EN LEONBERG*, QUE É O NOME DUNHA CIDADE ALEMÁ QUE SE SEMELLA Á SÚA VILA NATAL.

**EN LEONBERG**

*ABURRIDO*
*un olor a café*
*na indiferencia de Praga.*
*Prumas na cabeza, verde artificial.*
*Unha entrada excitante*
*para un xogo final de namorados.*

*Un tenor azul canta o turno da pasión cando*
*cae o único inocente.*

*Sobre o fondo exipcio*
*a testa ladeada, de perfil*

***COMO ERA O ESTADO DE ÁNIMO DO PROTAGONISTA DO POEMA?***



**ALEGRE**



**ABURRIDO**



**TRISTE**

***A QUE ULÍA?***



**CAFÉ**



**LARANXAS**



**ROSA**

***QUEN CANTA?***



**GAITEIRO**



**TENOR**



**ROQUEIRO**

**COLOREA A RESPOSTA VERDADEIRA.**

LOIS TIVO UNHA GRANDE AMIGA E COMPAÑEIRA QUE SE CHAMABA PIEDAD. DURANTE O TEMPO QUE ELA ESTIVO FÓRA DO PAÍS LOIS ESCRIBIULLE UN DIARIO QUE LLE ENVIOU POR CARTA E NO QUE LLE FALABA DE AMOR E OUTRAS COUSAS.




***ATOPA O CAMIÑO QUE LEVA A CARTA ATA A CAIXA DE CORREOS.***

# LOIS ENFERMOU PORQUE TOMOU UN ALIMENTO EN MAL ESTADO, DENDE ENTÓN SEMPRE TIVO MOI MALA SAÚDE.









COMER



NON COMER







***TI XA SABES QUE HAI MOITAS COUSAS QUE NON DEBEMOS COMER OU BEBER PORQUE NOS PORIAMOS MALOS. UNE OS DEBUXOS COS CARTEIS DE «COMER» OU «NON COMER» SEGUNDO CORRESPONDA.***

# O 17 DE MAIO CELÉBRASE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

**LOIA**

**17 DE MAIO DE** ______

**DÍA DAS** ______

**LOIS** ______

**2011**

**LETRAS**

**PEREIRO**



***AXÚDANOS A FACER A PORTADA DA REVISTA LOIA NA QUE SE DARÁ ESTA NOTICIA TAN IMPORTANTE. RECORTA E PEGA ONDE CORRESPONDA.***